



## Concello de Monterroso

---

DECRETO.- Monterroso, 26 de decembro de 2017.

No proceso selectivo convocado para a formación dunha bolsa de emprego coa finalidade de cubrir, de forma temporal, as necesidades puntuais de contratacións laborais temporais, xa sexan por baixas, substitucións, vacacións ou outras necesidades circunstanciais, logo do anuncio publicado no BOP de Lugo, nº 267, de 21 de novembro de 2017, en cumprimento do disposto nas bases de selección aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 15 de novembro de 2017.

Logo da xuntanza do tribunal de selección e da proposta e publicación de relación de aprobados pola orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios ós efectos da súa elevación ao Alcalde - Presidente do Concello de Monterroso para a súa aprobación, no prazo de 2 días hábiles outorgados para reclamacións presentáronse as seguintes:

- 1) D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Cervela Suarez, titular do D.N.I.: 76622300-P solicita que se revisen os méritos aportados no relativo á experiencia laboral (tempo traballado no Centro de Día).

Revisada a documentación aportada para a acreditación da experiencia laboral “ **por servizos prestados en postos similares na Administración Pública ou empresas privadas**” resulta que aporta certificado en servizos prestados como auxiliar de enfermería no Centro de Día do Concello de Monterroso, polo que corresponde outorgarlle por este servizo 2,40 puntos, sendo a puntuación definitiva 14,90 puntos.

- 2) D<sup>a</sup> Raquel Vázquez Ciriza, titular do D.N.I.: 14612302-B solicita se revise a súa valoración no relativo á formación, xa que nas bases non se especifica se ten que ser formación reglada ou non reglada.

Revisada a documentación presentada e segundo a base novena das bases no que se refire ao apartado a) Formación, valóranse “**Curso de formación relacionados coa materia**” puntuándose polo número de horas. Os que se refiren a:

- Técnico de atención á persoas en situación de dependencia, (FP), 2000 horas expedido polo CIFP politécnico de Lugo.
- Certificado de profesionalidade de atención a persoas dependentes en institucións sociais.
- Certificado de profesionalidade de atención a persoas dependentes no domicilio.

Estos documentos non se puntuán, por ser titulacións, por tanto non poden ser considerados como cursos, de feito non constan as horas realizadas.

En canto ao curso de Atención socio sanitaria a persoas no domicilio, por erro involuntario, non foi valorado, polo que corresponde outorgarlle por este curso 3 puntos, sendo a puntuación definitiva 12,20 euros.

- 3) D<sup>a</sup> Natalia Veiga Guimerá, con D.N.I.: 33543057H solicita se lle teñan en conta os contratos presentados como coidadora do Centro de Día por



## Concello de Monterroso

---

ser servizos prestados en postos SIMILARES na administración e as labores realizadas son as mesmas que as do posto as que aspira.

Dá lectura das bases da convocatoria despréndese o seguinte:

- No punto 2 da base quinta: Condicións de admisión dos aspirantes é “posuír o título de formación profesional de grao medio en Auxiliar de Enfermería ou xeriatria ou certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas en centros”
- Na base novena para a valoración da experiencia laboral puntúase: **“servizos prestados en postos similares na Administración Pública ou en empresas privadas”**

O Tribunal de Selección por unanimidade e con iguais criterios de valoración para todos os aspirantes considera que “por servizos prestados en postos similares na Administración Pública ou en empresas privadas” as bases refírense a contratos de auxiliar de enfermería é dicir que o contrato que teña no seu momento firmado a aspirante deberá ser para un posto de auxiliar de enfermería xa sexa nun centro de día público ou privado, nun hospital público ou privado, nun xeriátrico público ou privado, pero sempre dito contrato deberá ser realizado para o posto de auxiliar de enfermería.

No caso ao que se refire a aspirante, “coidadora vivenda comunitaria”, revisadas as bases da dita convocatoria no ano 2014 sinalase no punto terceiro das ditas bases:

*“3.- Requisitos.-*

*c.- Estar en posesión da titulación esixida, sen que sexa requirido a presentación dunha titulación concreta de acordo co precisado na disposición adicional sétima do EBEP, isto é, trátase dunha agrupación profesional sen titulación específica. **Os aspirantes deben estar en posesión dun curso homologado de SAF ou de auxiliar de enfermería**”.*

Quere isto dicir que unha persoa cun curso homologado de SAF, pode traballar como coidadora da vivenda comunitaria é dicir podía presentar un contrato de coidadora de vivenda comunitaria como os presentados pola aspirante, pero estes contratos non son de auxiliar de enfermería xa que un curso homologado de SAF non habilita para traballar como auxiliar de enfermería, sendo un requisito para poder participar nesta convocatoria de auxiliares de enfermería tal e como sinala a base 5.c das mesmas *“Posuír o título de formación profesional de grao medio de auxiliar de enfermería ou xeriatria ...”*.

Polo que o Tribunal estima correcta a puntuación de 15,20 puntos outorgada ao interesado



## Concello de Monterroso

Polo exposto, e unha vez resoltas estas reclamacións, resolvo:

Primeiro.- Estimar a reclamación formulada por D. M<sup>a</sup> Teresa Carballo Cervela, titular do DNI: 76622300-P, nos termos anteriormente expostos, resultando a puntuación de 14,90 puntos.

Segundo.- Estimar a reclamación formulada por D<sup>a</sup> Raquel Varela Ciriza, titular do D.N.I.: 14612302-B non termos anteriormente descritos, resultando unha puntuación de 12,20 puntos.

Terceiro.- Desestimar a reclamación formulada por D. Natalia Veiga Guimerá, titular do DNI 33543057H, resultando a mesma puntuación de 15,20 puntos, resultado da valoración de méritos obtidos na reunión celebrada o día 18 de decembro de 2017, polos motivos anteriormente expostos.

Cuarto.- Prestar aprobación á relación de aprobados pola orde de puntuación proposta polo Tribunal de selección nas xuntanzas realizadas os días 18 e 22 de decembro de 2017 .

	FORMACIÓN	EXPERIENCIA	ANTIGÜIDADE DESEMPREGO	CURSOS GALEGO	ENTREVISTA	TOTAL
Fernández Blanco M <sup>a</sup> Teresa	3,4	8	0	1	5,5	17,9
Corredoira García Lorena	1,2	8	0	2	5	16,2
Veiga Guimerá Natalia	8	2,2	0	2	3	15,2
Cervela Suarez María Teresa	5	2,4	0	2	5,5	14,9
Neira Fernández José Manuel	0	8	1,7	2	3	14,7
Requejo Gómez M <sup>a</sup> Paz	3,8	6,8	0	2	2	14,6
Rodríguez Ares M <sup>a</sup> Belén	2	8	0	1	2	13
Vázquez Ciriza Raquel	5	3,2	0	2	2	12,2
Moscoso Conde Montserrat	1,6	8	0	2	0	11,6
Casariño García Eva	5,5	0,06	0	1	5	11,56
García Blanco Ana M <sup>a</sup>	4	2,4	0	1	4	11,4
Cabana Mejuto Verónica	0	5,8	0	0	5,5	11,3
De pinho Martínez Magalí	3	8	0	0	0	11
Pampín Méndez M <sup>a</sup> Isabel	3	0	0	2	5	10
Varela Costoya Tatiana	0	4	0	2	4	10
Mendez Regulfe M <sup>a</sup> Rosario	3	2,4	0	1	3	9,4
Fontao García Beatriz	2,25	0	0	2	5	9,25
Lamazares Iglesias M <sup>a</sup> Angela	4,2	0	0	2	3	9,2
García Vázquez Lorena	4,8	3,2	0	1	0	9
Vázquez López Nerea	3	2,8	0	1	2	8,8
García Taboada M <sup>a</sup> Begoña	5,85	0,6	0	2	0	8,45
Vázquez García M <sup>a</sup> Olina	6	2,2	0	0	0	8,2
Castro Navía Cruz	4,7	0	0	2	0	6,7
Castiñeira Gandoy Rocío	4,6	0	0	2	0	6,6

## Concello de Monterroso



## Concello de Monterroso

Pérez Cañadas M <sup>a</sup> Lourdes	5,8	0,4	0	0	0	6,2
García Ferreiro M <sup>a</sup> Jesús	2	0	0	2	0	4
Arias García Tania	3	0	0	0	0	3
Gayoso Taboada Sagrario	0	2	0	1	0	3
Prado Otero Marta	2	0	0	1	0	3
Ramos Vidal Miriam	0	0	0	1	2	3
Rodríguez García Mónica	3	0	0	0	0	3
Espiñeira Liñares Cristina	0	2,8	0	0	0	2,8
De la Prieta López Nerea	0	0	0	2	0	2
Guerra Portomeñe María	0	0,8	0	1	0	1,8
Conde Mato Rocío	0	0	0	0	0	0
García Calvo Cristina	0	0	0	0	0	0

Quinto.- Notifíquese aos interesados con indicación dos recursos que contra esta resolución proceden. Publíquese na web [www.monterroso.es](http://www.monterroso.es) e no taboleiro de edictos do Concello.

Mándao e asíno o señor alcalde, do que eu, secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Miguel Rico Gómez  
(documento asinado dixitalmente na marxe)

Froilán Pallín Seco